



## Á Mesa da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu deputado e voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda de substitución á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para mellorar as condicións de vida das persoas xordocegas, **doc. núm. 41353 (10/PNC 0003362)**.

### Emenda de substitución:

Débase substituír o punto 4. da parte dispositiva polo seguinte texto:

“4. Garantir a accesibilidade universal 24 horas aos servizos sanitarios galegos, dispoñendo servizos de interpretación e acompañamento para as persoas con discapacidade sensorial, garantindo a interpretación áxil e doada de lingua de signos nos servizos de emerxencia e nos sistemas de comunicación con estes as 24h todos os días do ano e impulsando a formación do persoal de emerxencias en linguaxe de signos.”

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Luís Villares Naveira  
Deputada e Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 05/02/2019 13:32:25**





**Luis Villares Naveira na data 05/02/2019 13:32:37**





## Á Mesa da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

**O Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda de substitución á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, sobre as medidas para mellorar o acollemento familiar dos nenos e nenas e adolescentes e o acollemento de menores estranxeiros non acompañados, **doc. núm. 42305 (10/PNC 0003431)**.

### **Emenda de substitución.**

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galicia a:

1. Apostar por medidas de acollemento familiar de menores que estean baixo o sistema de protección coa finalidade de posibilitar que este recurso estea dispoñible para todos os casos que o precisen.
2. Aumentar as prazas públicas en centros de acollida de menores que estean baixo o sistema de protección de xeito que, cando este recurso sexa preciso, se dispoña de prazas suficientes.
3. Aumentar os servizos de Educación Familiar nos Servizos Sociais Comunitarios, con profesionais da Educación Social.
4. Impulsar a acollida de menores estranxeiros non acompañados, de acordo co Goberno do Estado, ofrecendo recursos que posibiliten un esforzo solidario importante da Comunidade Autónoma, no marco dun plan de acollida de persoas





refuxiadas que conte coa presenza de educadores e educadoras sociais no proceso acolledor.

5. Condenar as agresións militares dos Estados Unidos no Medio Oriente e África que provocaron a meirande crise migratoria despois da IIª Guerra Mundial.

6. Condenar a falta de resposta eficaz e solidaria por parte da Unión Europea ante a crise humanitaria das persoas refuxiadas.”

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 05/02/2019 13:49:12**

**Luis Villares Naveira na data 05/02/2019 13:49:29**



## Á Mesa da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da deputada **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para mellorar as condicións de vida das persoas xordocegas (10/PNC-003362, doc. núm. 41353)

### Emenda de modificación

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Colaborar co Goberno do Estado para a realización dun censo efectivo e real das persoas xordocegas.
2. Dirixirse ao Goberno do Estado para regular, en colaboración coas entidades sociais, a aplicación a todos os produtos dun sistema de identificación en sistema braille que indique o contido do produto, así como a instalación de códigos e lectores dos mesmos que indiquen mediante sons de que produtos se trata.
3. Impulsar protocolos específicos de detección precoz da xordocegueira en Atención Primaria.
4. Garantir a accesibilidade universal aos servizos sanitarios galegos, tomando entre outras as seguintes medidas:
  - 4.1 Establecer, na medida do posible, criterios de prioridade de atención para as persoas xordas dentro do sistema de consultas, atendendo ás necesidades de ser asistidos por intérpretes que teñen tempo limitado para dispoñer na súa asistencia.



- 4.2 Ampliando e facendo accesible o servizo de videointerpretación do 061 as 24 horas e os 365 días do ano.
- 4.3 Establecendo un servizo de intérpretes de lingua de signos para o ámbito sanitario, con cobertura as 24 horas e os 365 días do ano.
5. Mudar o sistema de comunicación do AXEGA, garantindo a súa accesibilidade ás persoas xordas mediante o sistema de videointerpretación.
6. Establecer mecanismos de colaboración coa CRTVG para garantir que todos os informativos da TVG sexan accesibles tanto en linguaxe de signos, coma con subtítulos.”

Pazo do Parlamento, 5 de febreiro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 05/02/2019 17:05:11**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/02/2019 17:05:41**



## Á Mesa da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da deputada **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as medidas para mellorar o acollemento familiar dos nenos en nenas adolescentes e o acollemento familiar de menores estranxeiros non acompañados (10/PNC-003431, doc. núm. 42305)

### Emenda de modificación

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Comprometerse, en colaboración co Goberno de España, a garantir o liderado de Galicia en materia de traslado e tutela de nenos e nenas, e adolescentes estranxeiros non acompañados entre comunidades autónomas, a prol de promover a solidariedade e corresponsabilidade de todas as autonomías, de maneira que se garanta a correcta atención e protección de todos os nenos e nenas que cheguen ás fronteiras españolas, para o que resulta igualmente necesaria a existencia dun sistema de información actualizado e fiable.
2. Garantir a transparencia do sistema de protección a través da recompilación homoxénea de datos, e a análise e difusión da información, por medio de ferramentas coma as memorias estatísticas e orzamentarias.
3. Co obxectivo de que ao final da X lexislatura a porcentaxe de menores en acollemento familiar sexa a lo menos do 80 %, tomar entre outras, as seguintes medidas:

3.1 Reforzar as medidas de integración familiar para os e as menores que se atopan no sistema de protección en acollemento residencial, como eixo fundamental nas actuacións de protección.

3.2 Establecer de forma continua estratexias de difusión para a captación de novas familias acolledoras e adoptivas que dean resposta ás necesidades dos nenos e nenas do sistema de protección.



3.3 Equiparar os permisos de maternidade, paternidade e lactancia para as familias de acollemento, segundo as circunstancias que a situación das mesmas o requira.

3.4 Impulsar todas as medidas necesarias para equiparar os distintos tipos de acollemento familiar, en particular no referente as achegas económicas ás e aos menores que están en situación de tutela por parte das entidades públicas, sen que as mesmas dependan das rendas familiares, nin de se existen ou non vínculos de parentesco entre os/as acolledores/as e os/as menores.

3.5 Garantir que en todo momento as e os menores que se atopan en acollemento familiar, en familia extensa ou allea, contarán coa cobertura daqueles gastos, que excedan dos deberes que corresponden aos titulares da garda dos menores e non estean cubertos por outro programa ou sistema público.

3.6 Incrementar durante o ano 2019 os puntos de encontro familiar en Galicia en aló menos dous por provincia.

3.7 Elaborar novos protocolos de menores en acollemento familiar, así como actualizar os vixentes, de cara a contribuír a unificación dos criterios dos técnicos e técnicas de menores.

3.8 Abonar os gastos do servizo de comedor escolar dos menores en acollida familiar, nos casos puntuais nos que se lles asigne un centro concertado.”

Pazo do Parlamento, 5 de febreiro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 05/02/2019 17:05:57**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/02/2019 17:06:02**





## Á Mesa da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación existente no servizo de transporte sanitario terrestre e a convocatoria de folga no sector (10/PNC-003219, doc. núm. 39998).

### Emenda de adición

Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“- Asumir o compromiso de incluír, nas vindeiras convocatorias de concursos públicos de transporte sanitario terrestre, cláusulas que condicionen de maneira explícita o cumprimento dos convenios laborais acadados cos traballadores e penalizacións por incumprimento de contrato.

- Que o Goberno galego realice un informe de 2018, e comprometa a súa elaboración anualmente, cos datos rexistrados de número e motivos das chamadas recibidas, así como dos servizos feitos e dotación para cada un, co fin de optimizar as necesidades de recursos e adecualos á demanda.”

Pazo do Parlamento, 5 de febreiro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/02/2019 17:07:42  
**Nº Rexistro: 45463**  
Data envío: 05/02/2019 17:07:42.977

**Julio Torrado Quintela na data 05/02/2019 17:06:26**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/02/2019 17:06:32**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego con número de rexistro **41230 (10/PNC-003353)**, que se celebra mañá, mércores 5 de febreiro de 2019.

### Emenda de adición.

Proponse engadir os seguintes puntos:

“Que no novo concurso para o Servizo de Transporte Sanitario Urxente Terrestre, que o 061 está iniciando, se contemplen perfectamente dimensionados tanto as necesidades de vehículos como de persoal, e polo tanto ampliados con respecto aos actuais, para evitar a situación actual de insuficiencia manifesta de ambos.

Iniciar todas as accións precisas para proceder ao rescate progresivo da externalización do transporte sanitario terrestre, e pasar a prestar o servizo de xeito directo pola Xunta”.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2019.”

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/02/2019 17:31:48**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/02/2019 17:31:52**



## Á Mesa da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia 42839 (10/PNC-003457)**, sobre a situación actual da asistencia sanitaria na comarca Ulla-Umia, incluída na orde do día da devandita Comisión que se celebrará o 6 de febreiro de 2019.

### EMENDA DE ENGÁDEGA

**Débese engadir ao final do segundo punto o seguinte texto:**

“así como dunha base para a ambulancia do 061 e un lugar de descanso para os traballadores.”

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2019.

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 05/02/2019 17:52:00**

**Luis Villares Naveira na data 05/02/2019 17:52:09**



## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Encarna Amigo Díaz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario de En Marea **10/PNC-003353 (41230)**, sobre a dotación pola Xunta de Galicia ao novo centro de saúde da Estrada dunha base para a ambulancia do 061, así como dun lugar de descanso para os traballadores

## Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a valorar, en colaboración co Concello, a ubicación anexa ao novo centro de saúde de A Estrada, dunha base para a ambulancia do 061.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 05/02/2019 16:50:04**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 05/02/2019 16:50:32**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

